



MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO

MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

Acta da Sesión ordinaria do Pleno do 27 de setembro de 2021

Ás 18:00 horas do día 27 de setembro de 2021, en reunión virtual a través de videoconferencia, ten lugar a sesión extraordinaria do Pleno da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, coa asistencia dos seguintes membros:

ASISTENTES

Presidente: D. Abel R. Caballero Álvarez.

Representantes concelleiros/as:

FORNELOS DE MONTES:

Non asiste ningún representante

GONDOMAR

D^a. Nuria Lameiro Valverde

D^a. Rocío Goberna Sousa

MOS

D. Alejandro Figueroa Expósito

D. Román González Garrido

PAZOS DE BORBEN

Non asiste ningún representante

REDONDELA:

D^a. Digna Rosa Rivas Gómez

D^a. María Castro Abad

SALCEDA DE CASELAS

D^a. Maria Dolores Castiñeira Alén

D^a. Verónica Tourón Domínguez

SOUTOMAIOR:

Non asiste ningún representante

VIGO:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/10/2021 14:11

Páxina 1 de 7

Expediente 149/14

CSV: 2788A9-B9822C-EA8HA3-E23KM4-42Q8X4-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a. Yolanda Aguiar Castro
D^a. Elena Espinosa Mangana
D. Abel Fermín Losada Álvarez
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D^a. Patricia Rodríguez Calviño
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez
D^a. Maria José Caride Estévez
D. Rubén Pérez Correa

Asisten así mesmo, en representación da MAIV, o interventor D. Alberto Escariz Couso. Da fe do acto o secretario D. José Riesgo Boluda.

Abre a sesión o Presidente, unha vez constatado polo Secretario que existe o quorum suficiente para a súa realización e pásanse a tratar os puntos incluídos na orde do día:

PUNTO 1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR (SESIÓN DO 22 DE FEBREIRO DE 2021)

Como todas as persoas asistentes teñen á súa disposición unha copia da acta, o Presidente pregunta se hai algunha observación sobre ela. No hai observacións e apróbase por unanimidade a acta do Pleno da Mancomunidad correspondente á sesión extraordinaria do 22 de febreiro de 2021.

PUNTO 2. APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2020

Antecedentes:

A Presidencia da Mancomunidad da Area Intermunicipal de Vigo, por Decreto do 26 de abril de 2021 resolveu render a Conta Xeral dos Orzamentos correspondentes ao exercicio de 2020 formada pola Intervención Xeral xunto cos libros e toda a documentación anexa á mesma.

A Comisión Especial de Contas da Mancomunidad na súa sesión do 7 de xullo de 2021, ditaminou favorablemente a conta xeral do ano 2020 desta Mancomunidad dando cumprimento ao disposto no art. 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.





Mediante edicto da Presidenta publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 144 do 29 de xullo de 2021 informouse da exposición ó público na sede da Mancomunidad de Vigo, sita na rúa Hispanidade nº 17 de Vigo, do expediente de aprobación da Conta Xeral por espazo de 15 días hábiles, tal como establece o artigo 212.3 do RDL 2/2004 (modificado pola Lei 11/2020 de PGE para 2021) ao obxecto de que os interesados/as lexítimos puidesen examinala e formular por escrito reparos ou observacións.

Con data 16 de setembro de 2021, a Secretaria Xeral da Mancomunidad emitiu certificado facendo constar que unha vez rematado o prazo preceptivo establecido no Real Decreto legislativo 2/2004 para a información pública, non consta que se formularsen reclamacións, reparos ou observacións á devandita Conta Xeral.

Votación:

Antes de pasar á votación da proposta que se trae ao Pleno, o Presidente pregunta se hai algún reparo, ou algunha observación. Non hai.

Sométese a votación e apróbbase por unanimidade.

PUNTO 3. INFORMAR DOS TRÁMITES DE APROBACIÓN DEFINITIVA E ENTRADA EN VIGOR DO ORZAMENTO 2021.

Infórmase ao Pleno dos trámites de aprobación definitiva, publicidade e entrada en vigor do Orzamento do exercicio 2021 desta entidade, nos seguintes termos:

O Pleno da Mancomunidad da Area Intermunicipal de Vigo, en sesión extraordinaria de data 22 de febreiro de 2021, aprobou inicialmente o Orzamento desta entidade correspondente ao exercicio económico 2021, así como as Bases de Execución e o Cadro de Persoal e demais documentación que integra o expediente do Orzamento.

O expediente foi exposto ao público a través da publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 64 de data 7 de abril de 2021, tendo en conta o previsto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e no artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Durante o trámite de información pública non se presentou ningunha reclamación ou alegación ao devandito Orzamento, expedindo o Secretario Xeral o certificado correspondente, unha vez rematado o prazo preceptivo de alegacións. Polo tanto, segundo o acordo adoptado polo Pleno, a data de aprobación definitiva do Orzamento da Mancomunidad de Vigo para o ano 2021 foi o 29 de abril de 2021.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/10/2021 14:11	Páxina 3 de 7
	Expediente 149/14	CSV: 2788A9-B9822C-EA8HA3-E23KM4-42Q8X4-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO

Finalmente, a entrada en vigor do Orzamento da Mancomunidad para o exercicio 2021 prodúcese o 20 de maio de 2021, o día seguinte á publicación da aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO N° 83 do 19/05/2021).

O Presidente pregunta se hai algunha observación ao respecto. Non hai.

PUNTO 4. DAR CONTA DO DECRETO DE PRESIDENCIA DE APROBACIÓN DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2022.

Dáse conta ao Pleno do Decreto da Presidencia de data 27 de agosto de 2021 de aprobación das liñas fundamentais do orzamento da Mancomunidad da Area Intermunicipal de Vigo para o exercicio 2022, nos seguintes termos:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira reforza a planificación orzamentaria a través da definición dun marco Orzamentario, actualmente denominados Plans Orzamentarios a medio prazo das Entidades Locais.

Así pois, o artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012 (LOEOeSF), establece que antes do 1 de outubro de cada ano, as Comunidades Autónomas e Corporacións Locais remitirán ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas información sobre as liñas fundamentais que conterán os seus Orzamentos, a efectos de dar cumprimento aos requirimentos da normativa europea.

De conformidade co previsto no art. 168.1 do TRLRFL, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e art. 18.1 do R.P., aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, a formación do proxecto dos orzamentos corresponde ao Presidente da Entidade Local. En consecuencia, tamén é competencia do Presidente da Mancomunidad a aprobación das liñas fundamentais do orzamento, en tanto que se trata dun documento marco, sobre o que se aprobará, se é o caso, o orzamento do futuro exercicio.

Tento en conta todo o anterior, dáse conta nesta sesión ao Pleno da Mancomunidad do Decreto da Presidencia de data 27/08/2021 de aprobación das liñas fundamentais do orzamento da Mancomunidad da Area Intermunicipal de Vigo para o exercicio 2022, no que se resolve:

PRIMEIRO, Aprobar o perímetro de consolidación nos termos do SEC 2010 establecido para a Mancomunidad do Área Intermunicipal de Vigo (MAIV), quedando limitado á propia Entidade Local.

SEGUNDO, Aprobar as liñas fundamentais do orzamento da MAIV para o exercicio 2022 de acordo as seguintes táboas, que servirán de base para a elaboración do Orzamento do citado exercicio:

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/10/2021 14:11	Páxina 4 de 7
	Expediente 149/14	CSV: 2788A9-B9822C-EA8HA3-E23KM4-42Q8X4-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Estado de gastos (gasto computable):

Capítulos	2021	%Variación	2022
I	74.397,74	1,00%	75.141,72
II	94.989,52	-13,53%	82.136,86
III	0,00		0,00
IV	15.025,00	0,00%	15.025,00
V	0,00		0,00
Gasto corrente N.Financeiro	184.412,26	-6,57%	172.303,58
VI	2.500,00	0,00%	2.500,00
VII	0,00		0,00
Gasto capital N.F.	2.500,00	0,00%	2.500,00
Total Gasto N.Financeiro	186.912,26	-6,48%	174.803,58
VIII	0,00		0,00
IX	0,00		0,00
Total Gasto Financeiro	0,00		0,00
Total Orzamento de gastos	186.912,26	-6,48%	174.803,58

Estado de ingresos (recursos ordinarios):

Capítulos	2021	%Variación	2022
I e II	0,00		0,00
III	0,00		0,00
IV	231.464,25		231.464,25
V	0,00		0,00
Ingresos corrente N.Financeiro	231.464,25	0,00%	231.464,25
VI	0,00		0,00
VII	0,00		0,00
Ingresos capital N.F.	0,00		0,00
Total Ingreso N.Financeiro	231.464,25	0,00%	231.464,25
VIII	0,00		0,00
IX	0,00		0,00
Total Ingreso Financeiro	0,00		0,00
Total Orzamento de Ingresos	231.464,25	0,00%	231.464,25





MANCOMUNIDADE
 DA ÁREA
 INTERMUNICIPAL DE VIGO

TERCEIRO, Remitir as Liñas Fundamentais do Orzamento da MAIV para o exercicio 2022 ao Ministerio de Facenda polos medios telemáticos habilitados ao efecto.

CUARTO, Dar conta da presente Resolución ao Pleno da MAIV aos efectos do previsto no artigo 22.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local."

Pregunta o Presidente, unha vez feita a exposición deste punto se hai algunha observación. Non intervéñen ningún/ha asistente e queda dada conta do Decreto de Presidencia de aprobación das liñas fundamentais do orzamento para o exercicio 2021 que se aprobará, así mesmo, no momento oportuno.

PUNTO 5. DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 4/2021 e 5/2021.

Dáse conta ao Pleno dos seguintes expedientes de modificación de créditos:

- Expediente nº 4/2021 , modificación de crédito por xeración como consecuencia da axuda concedida pola Xunta de Galicia para a posta en marcha dun Programa de Emprego dirixido a persoas mozas incluídas no sistema nacional de Garantía Xuvenil (PROGRAMA DE EMPREGO MAIV GARANTÍA XUVENIL 2021) para os gastos do persoal contratado e do funcionamento do proxecto durante a anualidade do 2021. O importe da modificación é de 167.658,72 euros, coa característica de gasto con financiamento afectado.
- Expediente nº 5/2021 , modificación de crédito por xeración como consecuencia dunha axuda concedida pola Xunta de Galicia para os gastos salariais derivados da contratación durante parte do ano 2021 de dúas persoas perceptoras de RISGA para "Apoio ás labores administrativas da MAIV 2021". O importe é de 9.647,52 euros, coa característica de gasto con financiamento afectado.

Presidente: Algunha cuestión sobre isto?

Non hai ningunha intervención. Queda dada conta ao Pleno.

PUNTO 6. ROGOS E PREGUNTAS

O Presidente abre o turno de rogos e preguntas, invitando a que se hai algunha persoa que desexe intervir pida a palabra levantando a man.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/10/2021 14:11	Páxina 6 de 7
	Expediente 149/14	CSV: 2788A9-B9822C-EA8HA3-E23KM4-42Q8X4-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO

Persidente: Non hai ningunha man levantada pedindo a palabra... así que queda rematada a sesión. Moitas grazas a todos e todas.

E sen mais asuntos que tratar, dáse por rematada a sesión ás 18.12 horas, do que eu como Secretario dou fe.

Lgs

Vigo, na data da sinatura electrónica
O SECRETARIO DA MAIV
José Riesgo Boluda

Vº e pr.
O PRESIDENTE
Abel Caballero Alvarez



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/10/2021 14:11

Páxina 7 de 7

Expediente 149/14

CSV: 2788A9-B9822C-EA8HA3-E23KM4-42Q8X4-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>